

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP "VÍCTOR LÓPEZ SEOANE"

CURSO: 2º

MATERIA: MÚSICA

DEPARTAMENTO:

DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
BLOQUE I: ESCOITA	
B1.1. Utilizar as escoita musical para indagar nas posibilidades do son de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.	EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe utilizando un vocabulario preciso as calidades dos sons do entorno natural e social. (CMCT CL CSC)
BLOQUE II: INTERPRETACIÓN MUSICAL	
B2.2. Interpretar mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, composición sinxelas que conteñan procedimentos musicais de repetición, variación e contraste.	EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas (CSC CEC)
BLOQUE III: A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA	
B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza valorando a súa aportación ao patrimonio e disfrutando da súa interpretación como forma de interacción social.	EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas (CEC CL)

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Debido ao carácter socializador da música e dado que é unha materia fundamentalmente de práctica colectiva, para poder facer unha correcta valoración nesta situación excepcional se terá en conta principalmente o rexistro de notas das actividades do 1º e 2º trimestre.</p> <p>Este rexistro fai referencia ao grado de adaptación que ten cada nena e neno na práctica musical grupal, pois a nota nesta materia vén dada fundamentalmente polo respecto ás normas do xogo musical e colectivo. Para valorar os criterios e estándares que fan referencia ao nivel individual que ten cada alumno/a seguirase o mesmo procedemento de rexistro de anotacións do 1º e 2º trimestre e ademáis terase en conta de xeito positivo os traballos musicais prácticos propostos pola mestra neste terceiro trimestre que de maneira voluntaria se envíen por correo electrónico.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Rexistro e avaliación de tarefas enviadas por correo electrónico.</p>
Cualificación final	<p>Nota da segunda avaliación que poderá verse incrementada ata un punto pola entrega de tarefas voluntarias propostas.</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Interpretación de coreografías sinxelas - Práctica instrumental con percusión corporal ou pequena percusión - Actividades de creatividade musical e relación con outras artes <p>As actividades considéranse de repaso e reforzo xa que aínda que as cancións propostas son novas, os aspectos musicais serán os traballados durante o curso.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Manterase a metodoloxía baseada na práctica musical activa. Empregaránse vídeos de diferentes plataformas gratuítas xunto con diferentes propostas de actividades para traballar os aspectos arriba indicados.</p> <p>Non me consta que haxa alumnado sen conectividade.</p>
Materiais e recursos	<p>Wifi privada da mestra. Ordenador persoal da mestra. Webs e blogues de pedagogía musical Vídeos online (Youtube, Vimeo) Libro dixital da Editorial Richmond-Santillana.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Páxina web do centro, correo electrónico, Abalar e Webex.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.